

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE ABRIL DE 2013.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Ausentes:

D^a Ana Maria Abad López

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día 19 de abril de 2013, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 4 de abril de 2013.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

Neste apartado non houbo asuntos que tratar.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste apartado non houbo asuntos que tratar.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.674R , con domicilio en Penasagudas, 12 (27879 Monte) por morte de unha xata, por importe de 200,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ SANCHEZ ABAD .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Sánchez Abad con D.N.I. nº 33.704.758-Y , con domicilio en Ceranzos, 31 (27877 Xuances) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. AMELIA PEREZ GARCIA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Amelia Pérez García con D.N.I. nº 77.591.664-Z, con domicilio en Gondar, 12 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA DOLORES MIGUEZ GALDO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Dolores Míguez Galdo con D.N.I. nº 76.564.008-K, con domicilio en San Cristobo, 18 (27877 Portocelo) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA SOL FERNANDEZ LAMELAS .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Sol Fernández Lamelas con D.N.I. nº 76.545.687-P, con domicilio en Ceranzos, 54 (27877 Xuances) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANA BELEN PIGUEIRAS LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Ana Belen Pigueiras López con D.N.I. nº 33.996.334-B, con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.7) DENEGACION DA SOLICITUDE DE AXUDA NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE NEW BURGUER S.L. PARA LUCÍA GONZÁLEZ EIJO.

Vista solicitude formulada polo traballador e polo empresario respectivamente, e visto asimesmo informe do Departamento de Emprego do Concello no que sinala que non procede a concesión da axuda solicitada ó incumplir as bases reguladoras do Plan de Emprego, que sinala no *punto 2) Que non despedisen á mesma persoa para posteriormente acollerse ó PEM.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) **Denegar a concesión** da adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2013, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
New Burguer S.L. (hostalería) Avda. Diputación, 28 (27870 Xove)	Lucía González Eijo Soutovello, 4 (27879 Monte)

- 3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.8) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A M^a ANTONIA GUERREIRO (CASA JAIME)

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
M ^a Antonia Guerreiro (Casa Jaime)	Avda. Diputación, 76 27870 Xove	M ^a Isabel Louzao García	c/ Tomas Mariño Pardo, 10 1º A (27870 Xove)

- 2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e a traballadora, os efectos oportunos.

D.9) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A MARIA OLIVA PENA PENA PARA A TRABALLADORA ANA Mª MARIÑO FRANCO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria o e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para a empresaria e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
María Oliva Pena Pena	Avda. Cantarrana, 11 Entrechán (27850 Viveiro)	Ana María Mariño Franco	Avda. Diputacion, 12 3º B (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.10) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE ALEJANDRO BALSEIRO QUELLE PARA TATIANA DURÁN GUERRA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2013, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Alejandro Balseiro Quelle R/ Pastor Diaz, 8 baixo (27850 Viveiro)	Tatiana R. Durán Guerra C/ Tomás Mariño Pardo, 1 4º G (27870 Xove)

A subvención que se concede rexese polas Bases aprobadas por este Concello en sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2012.

6º) A notificación ó empresario e á traballadora, os efectos oportunos.

D.11) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A REPARACIONES Y REFORMAS OS CASTROS S.L.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Reparaciones y Reformas Os Castros S.L. Avda. Cantarrana, 8 entresuelo 27850 Viveiro	Jonatan Secades Ramón Carballás, 5 (27870 Xove)	xuño-nov-dec.	577,56€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.12) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A MESÓN RESTAURANTE XOVE S.L.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Mesón Restaurante Xove C/Tomás Mariño Pardo, 8 (27870 Xove)	Mª Salomé Martínez Pedre Hedradas, 1 (27879 Monte)	Abril-maio-dec	1464,17€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.13) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A MARIA OLIVA PENA PENA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
María Oliva Pena Pena Avda. Cantarrana, 22 Entrechán (27850 Viveiro)	Ana Mª Mariño Franco Avda. Diputación, 12 3º B (27870 Xove)	Varios entre 2011 e 2012	791,62 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.14) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A RESTAURANTE LOUZAO S.L.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Restaurante Louzao S.L. Augadoce, Celeiro (27863 Viveiro)	Josefa Otero Sanjurjo Avda. Diputación, 30 3º A (27870 Xove)	Xuñ-ago-sept	475,86 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.15) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A Mª ANTONIA GUERREIRO (CASA JAIME).

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
M ^a Antonia Guerreiro (Casa Jaime) Avda. Diputación, 76 27870 Xove	M ^a Isabel Louzao García c/ Tomas Mariño Pardo, 10 1º A (27870 Xove)	Xan-dec 2012	1.202,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.16) AXUDA DE GANDERÍA A D^a OLIVA FRANCO BAÑO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Oliva Franco Baño con D.N.I. nº 76.557.117-F, con domicilio en Cabo, 1 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€.

D.17) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARÍA DOLORES SUÁREZ BASANTA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Dolores Suárez Basanta con D.N.I. nº 76.557.063-E, con domicilio en Vilalpol, 21 (27878 Portocelo) por morte de unha xata ó nacer por importe de 120,00€

D.18) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27878 Monte) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00€.

D.19) AXUDA DE GANDERÍA A D^a HERMINDA GARCÍA CASABELLA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Hermida García Casabella con D.N.I. nº 76.557.119-D, con domicilio en Cabo, 5 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.20) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A JAIME VALE INSUA (COMERCIO E PASTELERÍA).

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Jaime Vale Insua R/Irmáns Vilar Ponte, 21 (27850 Viveiro)	Elvira Quiza Fernández Avda. Diputación, 34 4º F (27870 Xove)	Xan.-Dec. 2012	812,50€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.21) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A TRASEIRA VILAR S.L.P. (CLINICA DENTAL)

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Traseira Vilar S.L.P.	Laura Vielba Cao Urb.- Palmeiro, 59 4º B (27879 Rigueira Xove)	Xan-ago-sept 2012	844,78 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.22) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO BANCO PASTOR DE BAIXA DO VADO PERMANENTE Nº 36.

Vista solicitude formulada por D. José Quelle Peña con domicilio en Avda. Diputación, 67 1ºb (27870 Xove) en representación da Comunidade de Propietarios do devandito edificio solicitando a baixa do vado permanente nº 36 sito en Avda. Diputación, 67 con unha anchura de 3 metros por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Efectua-la baixa do vado permanente solicitado, e dar conta ós departamentos de Tesourería e Obras os efectos procedentes.

D.23) PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A FORMALIZACIÓN DUN ACORDO CON REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS RETEGAL S.A. PARA FACILITA-LO RECIBIMENTO DOS SERVIZOS DE TELEVISIÓN AUTONÓMICOS E DE TELECOMUNICACIÓNS EN XERAL NO TERMO MUNICIPAL DE XOVE.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do modelo de acordo do epigrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“ACORDO PARA A CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓN DE EQUIPOS PARA A PRESTACIÓN SE SERVIZOS DE DIFUSIÓN E TELECOMUNICACIÓNS

En Xove, a de abril de 2013

REUNIDOS

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA., Alcalde Presidente do Concello de Xove (en adiante, O CONCELLO).

D. JOSÉ ÁNGEL ABEAL RIVEIROS, director xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante, RETEGAL).

INTERVEÑEN

O Alcalde Presidente do CONCELLO DE XOVE, en nome e representación da referida Administración municipal, no exercicio das facultades que se recollen no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

O director xerente de RETEGAL, en nome e representación da mesma, e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 2 de xullo de 2010, co número 1.367 do seu Protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

Ambas as partes, na calidade que interveñen, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente en Dereito para outorgar o presente acordo e, a tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que, RETEGAL é a sociedade mercantil pública da Xunta de Galicia que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións institucionais en Galicia e, en concreto, ten atribuído o mantemento e xestión das infraestruturas e equipos da rede de transporte e difusión da Xunta de Galicia.

II. Que, O CONCELLO, dado o carácter de servizos de interese xeral das telecomunicacións, está interesado en facilitar o recibimento dos servizos de televisión autonómicos e de telecomunicacións en xeral, no seu termo municipal, para o que manifesta a súa intención de autorizar a RETEGAL, a instalación dun centro de telecomunicacións no seu termo municipal.

III. Que, O CONCELLO é titular dunha finca de 300'00 m², con identificación catastral: 27025A052009000000JH (Segregación da finca Matriz Polígono 52; Parcela 900), situada en Pena Cancelas, na parroquia O Monte, segundo escritura pública de compravenda outorgada ante o Notario de Viveiro (Lugo), D. Jorge Ron Latas, número de protocolo 252., de data 11 de abril de 2013.

A parcela descrita é un ben patrimonial de O CONCELLO.

Que dentro de esa parcela pon ao dispor de RETEGAL para servizos de telecomunicación de unha porción de 49 m² (7m x 7m) ubicada no extremo noreste da parcela, no punto de maior cota dentro da parcela.

Sobre a referida parcela, e sobre as súas instalacións no seu caso, O CONCELLO declara que non existe dereito, carga ou gravame, real ou persoal de ningún tipo.

(Xúntase ortofoto, croquis da finca que inclúa detalle da porción cedida e copia do título de propiedade da parcela e das súas instalacións, no seu caso, como Anexo documental ao presente acordo)

IV. Que, dentro do Plan de extensión de cobertura dos múltiples de TDT, mediante encomenda de xestión da secretaría xeral de Medios da Xunta de Galicia, encargouse a RETEGAL a elaboración e execución dun plan de investimentos para apoiar o despregamento da televisión dixital en Galicia, sendo por conta dos concellos facilitar a cesión de terreo e infraestruturas necesarias.

V. Que, a secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica encomendou a RETEGAL, asemade, a extensión do Plan Director de Banda Larga 2010-2013 de Galicia, que ten como obxecto desenvolver unha infraestrutura de telecomunicacións que garanta aos cidadáns e empresas de todo o territorio, o acceso aos servizos avanzados da Sociedade da Información.

Conformes as partes en formalizar o presente documento e, logo canto antecede, proceden a outorgalo e, na súa virtude,

ACORDAN

PRIMEIRO. RETEGAL por este acto, comprométese á instalación e aloxamento das infraestruturas e equipos precisos para a prestación de servizos de difusión e/ou comunicacións propios da súa actividade na parcela descrita no expoñendo III do presente acordo.

SEGUNDO. O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a poñer ó dispor da Xunta de Galicia dita parcela, con carácter gratuíto, e para a instalación e aloxamento de infraestruturas e equipos propios da súa actividade, para a prestación de servizos de

difusión e/ou telecomunicacións que, actualmente ou no futuro, se presten pola Xunta de Galicia e/ou por RETEGAL.

TERCEIRO. Antes da súa aceptación pola Xunta de Galicia, O CONCELLO anticipará a RETEGAL la dispoñibilidade dos terreos obxecto do presente acordo, outorgando as licencias, permisos ou visados que sexan precisos para que poda iniciar os traballos necesarios para situar as referidas instalacións.

Unha vez RETEGAL comece os traballos e, en todo caso unha vez posta efectivamente o dispor da Xunta de Galicia, O CONCELLO autoriza a RETEGAL o paso que permita o acceso a terreo obxecto deste acordo a través dos predios da súa titularidade, incluíndo tanto a empregados como a vehículos de RETEGAL, así como aos empregados e vehículos de empresas coas que contrate RETEGAL obras, instalacións ou servizos.

No suposto de que por algunha causa non imputable ao CONCELLO, non se formalice a posta a disposición da Xunta de Galicia, e deba abandonar o terreo, RETEGAL restituirá a finca ao seu estado orixinal

(Achéganse fotos da finca, e das instalacións no seu caso, anteriores á ocupación, como anexo documental)

CUARTO. RETEGAL, asume en exclusiva os gastos de mantemento necesario para a conservación das instalacións, así como exclusivamente das responsabilidades que podan derivarse da explotación das mesmas.

QUINTO. O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa subscrición, producindo os seus efectos en tanto non se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) O incumprimento total ou parcial de carácter substancial das súas estipulacións.*
- b) O acordo mutuo das partes subscribintes.*

SEXTO. Constituirase unha Comisión de Seguimento que garanta o bo fin e cumprimento do obxecto deste acordo. Esta Comisión reunirse a solicitude de calquera das partes subscribintes, e formarán parte dela, paritariamente, dous representantes de O CONCELLO e dous de RETEGAL, designados polos representantes de ambas as entidades. Esta Comisión resolverá, de común acordo, calquera discrepancias que puideran derivarse da execución do presente acordo.

SÉTIMO. Os litixios que poidan derivarse da execución do acordo serán sometidos aos Xulgados e Tribunais competentes con xurisdición no Concello de Santiago de Compostela.

OITAVO. En todo o non previsto no presente acordo, estarase ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, e demais disposicións que resulten de aplicación.

E para que conste, en proba de conformidade cos termos do acordo, as partes asinan e rubrican o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados ao encabezamento.

ANEXOS

- *Ortofoto*
- *Croquis da finca con detalle da porción de terreno afectado.*
- *Copia do título de propiedade da parcela e das súas instalacións, no seu caso*
- *Certificación de que a finca non esta non está inscrita no Rexistro da Propiedade*
- *Fotos da finca, e das instalacións no seu caso, anteriores á ocupación*
- *Acordo de posta a disposición da Xunta de Goberno Local.”*

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda amosa-la súa conformidade coa proposta de acordo anteriormente transcrita e aproba-la formalización do devandito acordo, nos termos e condicións reflectidos no mesmo, e na súa consecuencia, pñer ó dispor da Xunta de Galicia o terreo de 300 m² de titularidade municipal que a seguir se describe:

- Terreo de 300 metros cadrados con referencia catastral: 27025A052009000000JH (Segregación da finca Matriz Polígono 52; Parcela 900), situados en Pena Cancelas, na parroquia de Monte no T.M. de Xove.

D.24) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA PAU DA VELLA DE SUBVENCIÓN PARA LIGA DE FUTBOL SALA DE XOVE.

Visto a solicitude da Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva “Pau da Vella”, con CIFG-27368638 e domicilio a efectos de notificación en Ponte do Carro, 9 (27879 Rigueira).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2013 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 3.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 3.000€ para a liga de fútbol sala 2013.
- 2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2013, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 2.100€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2013, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguido entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.25) SOLICITUDE DA ASOCIACION EQUINA DA MEDELA DE SUBVENCION PARA XVII FEIRA DO CABALO DE LAGO.

Visto a solicitude da Asociación Equina de A Medela, con CIF: G-27253418 e domicilio a efectos de notificación en Cabo, 8 (27878 Sumoas).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2013 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000€ para XVII Feira do Cabalo de Lago 2013.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2013, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2013, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguido entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.